

## INFORMACIÓN DE PREVISIÓNS OPE DA MESA SECTORIAL DE 6 DE NOVEMBRO 2020

Na Mesa Sectorial de Sanidade informouse do cadro de prazas que se incluírán na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020.

- Persoal licenciado sanitario: 652 prazas
  - Persoal diplomado sanitario e de formación profesional: 275 prazas
  - Persoal de xestión e servizos: 46 prazas
- TOTAL: 973 PRAZAS

**As prazas que se ofertan no 2020** das seguintes categorías **sumaranse ás prazas xa convocadas en decembro de 2019:**

- Diversas categorías de FEAs
- Médico/a asistencial do 061
- Médico/a de admisión e documentación clínica
- Médico/a de urxencias hospitalarias
- Terapeuta ocupacional
- Técnico/a en farmacia
- Pinche

Abrírase un prazo de inscrición para que as persoas que non estaban inscritas, e que cumpran os requisitos (titulación, idade...) agora o poidan facer. Estas persoas sumaranse ás xa inscritas no 2019.

**Non é unha nova convocatoria**, os méritos (formación, experiencia...) serán os causados a decembro de 2019 e continuarán as fases de oposición e concurso como se houbo un único prazo de inscrición.

**O próximo 11 de novembro de 2020, publicaranse as puntuacións provisionais da fase de concurso da OPE das seguintes categorías de:**

- Enfermeiro/a especialista en Enfermaría de Saúde Mental
- Enfermeiro/a especialista en Enfermaría do Traballo
- Enfermeiro/a especialista en Enfermaría Familiar e Comunitaria
- Enfermeiro/a especialista en Enfermaría Pediátrica
- Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría
- Fisioterapeuta
- Matró/a
- Médico/a de familia de atención primaria
- Odontólogo/a de atención primaria
- Pediatra de atención primaria